



RESOLUCIÓN DISPOÑENDO A DATA DE CELEBRACIÓN DO SORTEO PARA DECIDIR EMPATES NAS SOLICITUDES DE OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA OU LICITACIÓN PÚBLICA E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL MEDIANTE POSTOS NAS FESTAS DA VIRXE PEREGRINA.

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobouse os pregos e o expediente.

Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 7 días naturais a partir do día seguinte a publicación dos anuncios no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, abrangendo este prazo entre os días 22 e 28 de xullo de 2015.

Na presentación de solicitudes, diversos solicitantes formularon idéntica oferta económica. Debe terse en conta que o prego de condicións (artigo 6) que rexe este procedemento de licitación establece como criterio de adjudicación o prezo. Non obstante, en caso de empate, debe resolverse mediante sorteo, que se realizará no día e hora que se indique no perfil do contratante do Concello por parte do Xefe do Servizo de Cultura, do que dará fe o Secretario da Administración Municipal.

En consecuencia, tendose producido empates en diversas solicitudes procede fixar a data para realizar o sorteo para desempatar.

A vista do exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Indicar como data para realizar o sorteo ao que se refire o artigo 6 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina, para resolver empates en caso de que varios solicitantes formulen as mesmas ofertas económicas o día 3 de agosto de 2015, ás 12,00 horas no despacho do Secretario de Administración Municipal.


Segundo.- Indicar que os postos en relación aos que se produciu empate nas ofertas económicas e que serán obxecto de sorteo son os seguintes: 50, 75, 128, 132, 141, 185.

Terceiro.- Dispor a publicación desta resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra

Pontevedra, 31 de xullo de 2015

A Concelleira

María Carme da Silva Méndez



Dou fe, o secretario admon. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro



